



Clúster da
función loxística
de Galicia

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA

Modificación
Marzo de 2023

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN
CLÚSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL	2
Artigo 1. Denominación e natureza	2
Artigo 2 Personalidade e capacidade	2
Artigo 3. Domicilio	2
Artigo 4. Ámbito de actuación	2
Artigo 5. Duración	2
Artigo 6. Fins	3
CAPÍTULO II DAS PERSOAS ASOCIADAS	4
Artigo 7. Requisitos	4
Artigo 8. Clases de persoas asociadas	5
Artigo 9. Perda da condición de persoa asociada.....	5
Artigo 10. Dereitos.....	6
Artigo 11. Obrigas	7
CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN	7
Artigo 12. Organización da asociación.....	7
Artigo 13. Asemblea Xeral	8
Artigo 14. Reunións: clases e convocatoria	8
Artigo 15. Constitución e quórum de convocatoria	9
Artigo 16. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria.....	9
Artigo 17. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria	9
Artigo 18. Adopción de acordos	10
Artigo 19. A Xunta Directiva: Composición.....	10
Artigo 20. Reunións e acordos.....	12
Artigo 21. Facultades da Xunta Directiva.....	12
Artigo 22. Obrigas documentais	13
Artigo 23. Presidente/a.....	14
Artigo 24. Vicepresidente/a.....	14
Artigo 25. Secretario/a	14
Artigo 26. Tesoureiro/a.....	15
Artigo 27 Vogais.....	15
Artigo 28 Xerencia	16
CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO	16
Artigo 29. Patrimonio inicial	16
Artigo 30. Recursos económicos.....	16
Artigo 31. Contas anuais.....	17
Artigo 32. Destino de ingresos a fins da asociación	17
CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO	18
Artigo 33. Regulamento de réxime interno.....	18
CAPÍTULO VI DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN	18
Artigo 34. Disolución.....	18
Artigo 35. Liquidación.....	18
DISPOSICIÓN ADICIONAL	19

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza

Coa denominación de “ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA”, constitúese unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación aplicable

Artigo 2 Personalidade e capacidade

A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Domicilio

A asociación establece o seu domicilio social no Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n. 15707 Santiago de Compostela. Enderezo electrónico info@clusterfuncionloxistica.org e teléfono 986100800

Artigo 4. Ámbito de actuación

O ámbito territorial no que a asociación vai a desenvolver principalmente as súas actividades é o da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5. Duración

A asociación constitúese por tempo indefinido e rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6. Fins

1. A finalidade principal da asociación é axudar a dotar á función loxística de Galicia dunha maior eficiencia, promovendo a súa competitividade, cunha especial atención á innovación e a internacionalización das empresas que forman parte da cadea de valor da función loxística galega, unindo esforzos e intereses de forma colectiva, de xeito que se sitúe a Galicia como un polo loxístico de referencia global.

Ademais, xunto con esta finalidade principal, a asociación terá os seguintes obxectivos:

- a) Impulsar proxectos de cooperación de carácter innovador entre os diferentes axentes públicos e privados, a nivel nacional e internacional.
- b) Favorecer a conectividade exterior da industria galego e os servizos en Galicia
- c) Innovar e dotar de capacidade tecnolóxica ás empresas do sector loxístico.
- d) Desenvolver e impulsar a industria 4.0
- e) Cooperar de xeito intersectorial
- f) Fomentar o talento humano e a adquisición de novas competencias, e formar en áreas especializadas nas materias citadas.
- g) Promover a competitividade das infraestruturas de Galicia con respecto a outras rexións.
- h) Calquera outro relacionado coa finalidade principal ou co resto de obxectivos da asociación e que contribúan á mellora da cadea de valor do sector loxístico en Galicia

2. Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades, sen carácter exhaustivo:

- a) Impulsar proxectos e actuacións de innovación que presente a función loxística como vector de crecemento económico e sectorial.
- b) Dinamizar iniciativas legislativas que permitan modernizar o marco legal e institucional de fomento do sector e innovación do mesmo.
- c) Apoiar o emprendemento e consolidación de empresas de actuación loxística.
- d) Acompañar ás empresas na súa expansión internacional.

- e) Promocionar os servizos para a análise e a prospectiva permanente do sector e as súas tendencias a nivel autonómico, español e internacional.
- f) Organizar actividades formativas orientadas a favorecer a competitividade e crecemento empresarial mediante o desenvolvemento da función loxística.
- g) Impulsar actuacións que favorezan o desenvolvemento sostible e respectuoso co medio ambiente, mediante a adecuación de tecnoloxías ecoeficientes.
- h) Promover a conectividade exterior da industria galega.
- i) Promover a estandarización das normativas locais, pensando en facer máis simples as operacións loxísticas dentro do territorio galego nos distintos concellos.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO II

DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 7. Requisitos

1. Para adquirir a condición de persoa asociada requírese ser persoa xurídica, que forme parte da cadea de valor da función loxística, e teña interese no desenvolvemento dos fins da asociación.
2. As persoas xurídicas non poderán estar incursas en causa de prohibición ou suspensión de actividades de conformidade co previsto no Código Penal, na Lei Orgánica de represión do contrabando ou noutra normativa de aplicación.
3. As persoas xurídicas requirirán o acordo expreso do seu órgano competente de goberno, e as de natureza institucional, o acordo do seu órgano reitor.

4. As persoas xurídicas deberán nomear unha persoa física como representante da entidade na asociación. A entidade poderá modificar a persoas representante, mediante unha comunicación previa e fiable á asociación conforme o órgano competente adoptou o dito acordo.

Artigo 8. Clases de persoas asociadas

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados ou asociadas:

- a) Fundadores ou fundadoras, aquelas persoas xurídicas, públicas e privadas, que subscribiron a acta fundacional.
- b) De número, aquelas persoas xurídicas, públicas e privadas, que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- c) De honra, aquelas persoas xurídicas, públicas e privadas, tales como Asociacións, Fundacións, Universidades, Centros Tecnolóxicos ou outro tipo de entidades que, polos seus méritos persoais ou profesionais ou por ter contribuído de xeito relevante ao desenvolvemento da asociación, sexan nomeados pola Asemblea Xeral.

Artigo 9. Perda da condición de persoa asociada

1. A condición de asociado ou asociada pérdese:

- a) Por vontade propia, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a Xunta Directiva e dirixida a secretaría da asociación. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación.
- b) Por falta de pagamento de tres cotas, que será efectiva desde a notificación do acordo adoptado pola Xunta Directiva, ao interesado.
A persoa que perde a súa condición de asociada polo suposto sinalado no apartado anterior, poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada, se no prazo de seis meses desde a notificación abonase as cotas pendentes de pago.
- c) Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación. As actuacións de incumprimento ou prexuízo

á asociación realizadas polas persoas representantes da persoa xurídica serán imputadas á persoa xurídica que a designou, sen prexuízo de ofrecer a posibilidade de cambiar ao representante. En todo caso, será decisión da Asemblea aceptar esta posibilidade.

- d) Por extinción da persoa xurídica
- e) Por incorrer en causa de prohibición ou suspensión de actividades de conformidade co previsto no Código Penal, na Lei Orgánica de represión do contrabando ou noutra normativa de aplicación.
- f) Por ser declarada a persoa xurídica en concurso culpable.

2. A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 10. Dereitos

1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da asociación
- b) Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno.
- c) Participar nas Asembleas con voz e voto.
- d) Recibir información da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- e) Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de representación.
- f) Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- g) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas sociais.
3. As persoas asociadas de honra non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta, pero poderán asistir ás asembleas con voz, pero sen voto.

Artigo 11. Obrigas

Son obrigas das persoas asociadas:

- a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
- b) Pagar as cotas que de conformidade cos estatutos, se establezan.
- c) Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para os que foron elixidas.
- d) Asistir ás asembleas e demais actos organizados pola asociación.
- e) Gardar confidencialidade e segredo profesional sobre os asuntos tratados na asociación que sexan de carácter estratéxico para a mesma.
- f) Participar nos órganos de goberno e actividades promovidas pola entidade.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12. Organización da asociación

Os órganos de goberno e representación da asociación son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, que adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

Artigo 13. Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e está integrada por todas as persoas asociadas.

Artigo 14. Reunións: clases e convocatoria

1. As reunións da Asemblea Xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias.

A reunión ordinaria celebrarase como mínimo unha vez o ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico.

As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou cando o soliciten por escrito o 10% das persoas asociadas.

2. As convocatorias realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da celebración da asemblea en primeira convocatoria debe mediar como mínimo un prazo de quince días naturais.

Serán válidas as convocatorias efectuadas a través do correo electrónico de contacto, non podendo solicitar os asociados unha comunicación postal nestes casos. O uso dos medios telemáticos será obrigatorio para os asociados.

3. A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das persoas asociadas na secretaría da asociación, cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da Asemblea.

Así mesmo, a asociación poderá ter a disposición dos asociados unha plataforma telemática, na que requira unha identificación e autenticación para cada asociado, onde se poña a disposición a documentación citada.

Artigo 15. Constitución e quórum de convocatoria

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre que concorran un terzo das persoas asociadas presentes ou representadas con dereito a voto, na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

Artigo 16. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- a) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- b) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades.
- c) Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas, a proposta da Xunta Directiva.
- d) Elixir e cesar as persoas integrantes da Xunta Directiva.
- e) Aprobar a incorporación ou separación a unha federación.
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
- g) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.

Artigo 17. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da asociación, incluído o cambio de domicilio.
- b) Acordar a transformación da asociación.
- c) Acordar a fusión da asociación.
- d) Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras.
- e) As que sendo competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.
- f) Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 18. Adopción de acordos

1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.

2. Será necesaria a maioría absoluta dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade das persoas presentes ou representadas, para adoptar os seguintes acordos:

- a) Designación de membros da Xunta Directiva
- b) Acordo para constituír federacións e para integrarse ou separarse delas
- c) Disolución da asociación.
- d) Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
- e) Disposición ou alleamento de bens.
- f) Remuneración das persoas que integran os órganos de goberno e representación.

3. Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso as non asistentes.

Artigo 19. A Xunta Directiva: Composición

1. A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral.

Estará formada por:

- Un/unha Presidente/-a,
- Un/unha Vicepresidente/-a,
- Un/unha Secretario/-a,
- Un/unha Tesoureiro/-a e
- Seis vogais, incluíndo a/ao Secretario/-a e a/ao Tesoureiro/-a.

2. Os membros da Xunta Directiva serán designados pola Asemblea Xeral entre as persoas asociadas. A estes efectos, se presentarán candidaturas nas que figuren as entidades e o cargo que ostentarán.

A condición de membro da Xunta Directiva lle pertence á persoa xurídica elixida para o cargo, que deberá designar un representante en pleno uso dos seus dereitos civís e que non estea incurso en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos. A persoa xurídica poderá cambiar ao representante por acorda validamente adoptado segundo as súas normas de goberno.

3. A duración do seu mandato será de catro anos, podendo ser obxecto de sucesivas reeleccións.

4. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.

5. Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función por:

- a) Extinción da persoa xurídica
- b) Inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico
- c) Resolución xudicial.
- d) Renuncia voluntaria.
- e) Perda da condición de persoa asociada.
- f) Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.

- g) Transcurso do período do seu mandato. Neste caso e en tanto non se proceda á elección da nova Xunta Directiva, aquela continuará en funcións ata a designación dos novos membros

6. De producirse vacantes na Xunta Directiva, estas serán desempeñadas provisoriamente polos restantes membros, ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

Sen prexuízo do anterior, cando o número de vogais vacantes sexa de tres ou mais, será necesaria a convocatoria de novas eleccións.

Artigo 20. Reunións e acordos

1. A Xunta Directiva será convocada polo presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

2. Para estar validamente constituída deberán estar presentes, a metade máis un dos seus membros e, en todo caso, o presidente e o secretario ou as persoas que os substitúan.

Serán válidas tamén, as reunións celebradas telemáticamente, nos termos e condicións que aprobe a propia Xunta Directiva.

3. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade do Presidente.

Artigo 21. Facultades da Xunta Directiva

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
- c) Executar os acordos da Asemblea.
- d) Contratar dentro dos límites cuantitativos establecidos pola Asemblea Xeral.
- e) Contratar á Xerencia da Asociación, nos termos temporais e económicos establecidos pola Asemblea Xeral. Tamén será competente para cesar á Xerencia por causas

- establecidas no Estatuto dos traballadores ou por causas establecidas no contrato mercantil.
- f) Conveniar con entidades públicas e privadas dentro dos límites cuantitativos establecidos pola Asemblea Xeral. Cando os convenios de colaboración non supoñan un compromiso económico de aportacións por parte da Asociación, a Xunta Directiva poderá conveniar sen limitacións.
 - g) Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
 - h) Convocar e fixar as datas das Asembleas.
 - i) Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas.
 - j) Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
 - k) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
 - l) Resolver as solicitudes de ingreso de asociados/as.
 - m) Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
 - n) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

Artigo 22. Obrigas documentais

A asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición de todas as persoas asociadas:

- a) Unha relación actualizada de entidades asociadas.
- b) Documentación contable que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.
- c) Documentación de auditoría anual.
- d) Inventario dos seus bens.
- e) Libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

Artigo 23. Presidente/a

A persoa que ostenta a presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Asinar os convenios de colaboración, previa autorización da Xunta Directiva ou Asemblea Xeral.
- c) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade os casos de empate de votos.
- d) Ordenar a execución dos acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- e) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- f) Apertura e peche de contas bancarias, debendo dar conta á Xunta Directiva na primeira reunión que se celebre con posterioridade.
- g) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa persoa que ostenta a secretaría ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.
- h) Aqueles que lle sexan delegadas pola Xunta Directiva ou pola Asemblea Xeral.

Artigo 24. Vicepresidente/a

A persoa que ostente a vicepresidencia realizará as funcións da presidencia nos casos de ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da asociación nos supostos en que así se acorde pola Xunta Directiva ou pola Asemblea Xeral.

Artigo 25. Secretario/a

1. A persoa que ostenta a secretaría terá as seguintes atribucións:

- a) Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas.
- b) Dirixir as actividades sociais e a administración da asociación.

- c) Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar as actas correspondentes
- d) Expedir certificacións dos acordos co visto e prace do presidente/a, así como emitir informes.
- e) Redactar o inventario de bens da asociación.
- f) Custodia do arquivo de libros e documentos da asociación.
- g) Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.
- h) De xerencia se así é acordado pola Asemblea Xeral.

2. A persoa que ostenta a secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola persoa que ostenta a Presidencia.

Artigo 26. Tesoureiro/a

1. A persoa que ostenta a tesourería terá as seguintes atribucións:

- a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación, custodialos e investilos na forma acordada pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral
- b) Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e conforme da presidencia
- c) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a persoa que ostenta a presidencia.
- d) Elaboración do anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación
- e) Levar os libros de contabilidade da asociación e elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola Asemblea
- f) Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da xestión económico financeira da asociación.

Artigo 27 Vogais

Os demais membros da Xunta Directiva, terán as obrigas propias do seu cargo, e aquelas outras que lles sexan encomendadas, tales como realizar programas e estudos con carácter xeral ou en áreas de actuación determinadas.

Artigo 28 Xerencia

A asociación contará cunha xerencia como órgano de apoio á Xunta Directiva, e especialmente á secretaria, baixo a dependencia funcional da Presidencia.

As funcións da xerencia, se concretarán no contrato laboral ou mercantil, que rexa a relación entre a asociación e a xerencia.

A xerencia poderá recaer na figura do secretario se así é acordado pola Asemblea Xeral.

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29. Patrimonio inicial

A asociación no momento de iniciar as súas actividades non dispón de patrimonio propio. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural, e terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.

Artigo 30. Recursos económicos

A asociación manterase dos seguintes recursos:

- a) As cotas periódicas das persoas asociadas.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
- c) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- e) Os ingresos que se poidan recibir pola execución de proxectos conxuntos en base a convenios de colaboración, con entidades públicas ou privadas.

- f) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 31. Contas anuais

1. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación, así como unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a súa aprobación en Asemblea.

2. A Xunta directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da asociación.

3. As contas anuais deberán ser obxecto de auditoría de contas, que será elaborada por unha entidade externa, e realizada por unha persoa inscrita no Rexistro Oficial Auditores de Contas (ROAC).

Artigo 32. Destino de ingresos a fins da asociación

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación.

En ningún caso, estes beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

CAPÍTULO V

DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 33. Regulamento de réxime interno

Por acordo da Asemblea Xeral pode aprobarse un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos.

O funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI

DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 34. Disolución

A asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Por acordo adoptado por maioría cualificada en asemblea xeral extraordinaria.
- b) Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.
- d) Polas demais causas que se determinen nos presentes estatutos.

Artigo 35. Liquidación

1. Acordada a disolución da asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.
2. Os membros da xunta directiva no momento da disolución convértense en liquidadores, salvo designación expresa de liquidadores pola asemblea xeral ou por autoridade competente.
3. Corresponde aos liquidadores:
 - a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.

- b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
 - c) Cobrar os créditos da Asociación.
 - d) Liquidar o patrimonio e pagar os acredores.
 - e) Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.
 - f) Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrals.
4. Á solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro acompañarase do xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.